



Proxecto Documental Integrado “Botarse ao monte”



VII CONCURSO DE TRABALO
POR PROXECTOS
CEIP PLURILINGÜE de MEAÑO AS COVAS

Curso 2020-21

ÍNDICE

1.– Introducción.

1.1.- Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares.

1.2.- Competencias clave desenvolvidas no proxecto.

1.3.- Criterios e estándares de avaliación.

1.4.– Calendario para as tarefas previstas.

1.5.– Alumnado e profesora do participante.

1.6.– Organización para a súa realización.

2.– Obxecto ou temática de investigación propostos.

3.– Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.

4.– Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

5.– Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

6.– Recursos utilizados e enumeración detallada das fontes consultadas para a investigación.

7.– Implicación da comunidade educativa.

8.– Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

9.– Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo. Procedementos empregados.

10.– Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

1.- Introducción.

1.1.- Xustificación e planificación con respecto aos contidos curriculares.

Logo de varios cursos sendo a biblioteca eixe vertebrador de proxectos documentais integrados con temáticas como "Aquí todos pintamos moito", "Tele-Coviña", "Contruímos con Coviña", "Puro teatro", "Por que, por que, por que?"... Durante o curso 2020-21 a biblioteca e o Centro, debido a situación creada polo COVID, decidimos que "**Botarse ao monte**" era unha moi boa opción para protexernos e ao mesmo tempo fomentar a aprendizaxe no exterior, en contacto coa natureza e facer do monte A Toxa o punto de partida para o noso Proxecto Documental Integrado.

Este PDI tivo como **obxectivo fundamental a saúde, protexer a nosa comunidade educativa do COVID**. Case que sen querer, este obxectivo funcional levounos a fomentar a nivel escola a metodoloxía de aprendizaxe en contacto coa natureza e no exterior, aproveitando o marco do monte próximo á escola para o desenvolvemento integral do noso alumnado, sementando ao mesmo tempo un cambio no xeito de relacionarnos e vincularnos coa natureza e o medioambiente. Unha vez rematado o PDI, máis podemos dicir que coincidimos plenamente co que a pedagoga María Montessori quería dicir na súa frase: *"Non hai descrición nin imaxe en libro algún que sexa capaz de reemplazar a visión de árbores reais e toda a vida que xira ao seu redor, nun bosque verdadeiro. O que emana destas árbores fálanos directamente á alma, revelando coñecementos que ningún libro, ningún museo, poderá darnos nunca. O bosque revélanos que non son unicamente as árbores as que existen senón toda unha colección de vidas interrelacionadas"*.



Dado o carácter interdisciplinar do tema, o PDI estivo presente na Aprendizaxe Baseada en Proxectos, incluíndo ao igual que noutras ocasións en todos os proxectos a pregunta **"Que queremos facer?"** paralelamente a de **"Que queremos saber"**. Houbo durante todo o curso proxectos, plans de traballo, lecturas, tarefas, actividades, festas... relacionados co monte. Pero podemos dicir que **os proxectos de investigación** que ligamos directamente ao PDI **foron os seguintes:** "Quen vive aí?" (Internivel A), "Eu tírome ao monte" (Internivel B), "Arte no bosque" (5 anos), "Exploradoras e exploradores de 1º" (1º), "Animais baixo a terra. As formigas." (2º), "Superheroínas&Superheroes do monte " (3º), "Reciclamos" (4º), "Rosa dos ventos" (5º) e "CSID, Construindo no monte (Centro Superior de Investigación e Desenvolvemento de Meaño). " (6º). O proceso de investigación destes proxectos realizouse no 2º trimestre (e principios do 3º) e preparouse a súa exposición final durante o mes de maio. O resultado final puido visitarse do 9 ao 13 de xuño no mesmo monte A Toxa.

En moitas das aulas houbo propostas de **exposicións orais** por parte do neno/a encargado/a relacionadas co PDI, entre outros, os temas a tratar foron: "O método científico", "Adiviña, adiviña (invertebrados)", "Expertos en animais baixo terra", "Que animal do bosque che gustaría ser?", "Coidamos do monte?", etc.



A través do PDI tratáronse contidos curriculares de todas as materias. Ademais da evidente relación do bosque co mundo científico (realizando exploracións, investigacións, roteiros guiados, proxectos, experimentos, identificacións de cogumelos, de aves, de árbores, busca de pistas, observación e clasificación de especies vexetais, ciencias ao sol – con lupas, espellos, prismáticos-...), no monte todas as titorías traballaron aspectos matemáticos (xeometría, lóxica, series, numeración, categorización, medida, volume, estimación, lonxitude, superficie, tempo, porcentaxe...), lingüísticos (escrita creativa, personaxes fantásticos do

bosque, clube de lectura "No corazón do bosque", teatro no monte, escribimos con follas, paus, pedras...), artísticos (land-art, creación de mandalas con elementos naturais, estampación en papel con follas, murais, retratos, artistas que traballan con elementos naturais - Andy Goldsworthy e James Brunt-...), musicais (tocamos con instrumentos naturais), de educación física (xogos e deporte no bosque), etc.



1.2.- Competencias clave desenvolvidas a través do proxecto.

No desenvolvemento do PDI estiveron integradas todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenrolando. A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. No proceso o protagonismo e as decisións partiron das nenas e nenos da escola (a elección dos proxectos, elaboración de tarefas de publicidade, guións dos vídeos finais de explicación de cada proxecto, etc.).

- **Comunicación Lingüística (CCL):** fomentouse a mellora da expresión oral a través das exposicións dos diferentes proxectos, comprensión lectora mediante a busca de información para os proxectos, expresión escrita a través do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, escrita creativa no bosque, comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as. Durante o curso tamén se crearon e representaron obras de teatro no monte, exposicións orais varias sobre o monte, lecturas e clubs de lectura no bosque, expresión escrita a través da elaboración de carteis, anuncios de televisión e radio, invitacións para a visita das familias, etc.



- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** Realizáronse medicións e proporcións para poder realizar as construcións asociadas aos proxectos: zona de asamblea no bosque, casiñas de paxaros, hotel de insectos... Fomentáronse procesos de planificación, realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas. No monte realizáronse multitude de actividades matemáticas con elementos naturais: xeometría, medida, lóxica, numeración... e por suposto científicas, a través de observación, análise, recollida de datos, experimentación, investigación...
- Competencia dixital (CD):** utilizáronse TICs para a busca de información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos proxectos. Tamén fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación de carteis (cunha imaxe corporativa), presentacións en pantalla das exposicións orais, invitacións, elaboración de anuncios de radio e vídeo, guión e gravación dos videos do resultado final de cada proxecto , etc.
- Aprender a aprender (CAA):** a aprendizaxe por proxectos estimula esta competencia dende o momento no que se fai reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación, estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo... E sobre todo fomenta que o alumno/a se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe.



- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O alumnado tivo unha participación de forma activa e construtiva na comunidade educativa e na sociedade. Leváronse a práctica estratexias da aprendizaxe cooperativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. Este proxecto saeu da escola ao monte, colaborando na parroquia coa protección, coñecemento, embelecemento e coidado do mesmo..
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mediante a iniciativa da visita das familias a "Botarse ao monte" o alumnado tivo que deseñar un plan, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Durante o proceso fomentouse a iniciativa e interese en todo o alumnado.
- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** durante o proceso do PDI o alumnado mellorou a capacidade para apreciar a importancia do coidado medioambiental do bosque. Desenvolouse a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, así como coñecemento de diversas técnicas e artistas relacionados co arte con elementos naturais.

1.3.- Criterios e estándares de avaliación.

Sendo un proxecto tan amplo, claramente se trataron moitos estándares de aprendizaxe , contidos e criterios de avaliación plasmados no currículo. Nomearemos, a modo de exemplo, aqueles criterios de avaliación máis relevantes, deixando moitos no camiño ao non ser posible plasmarlos todos nesta memoria.

Algúns dos criterios e estándares de avaliación tratados: Buscar, seleccionar información dunha forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes, observar seres vivos no seu estado natural e comunicar os resultados utilizando diferentes soportes- Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais. Usar, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación dun modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. , etc.

1.4.- Calendario para as tarefas previstas.

O PDI comezou no mes de outubro e rematou o 13 de xuño co último día de visita das familias á exposición final de "Botarse ao monte". Coma noutras ocasións, o proxecto tivo tres fases moi claras:

- No **primeiro trimestre** houbo unha primeira fase de **aproximación e curiosidade** cara o tema.
- No **segundo de elaboración de investigacións e proxectos** nas diferentes aulas .
- No **terceiro trimestre de preparación das exposicións orais, guións e gravacións de vídeos expositivos do PDI, libros e tarefas de presentación de cada proxecto, tarefas de publicidade, etc.**

Dado o seu carácter interdisciplinar, o monte estivo presente durante todo o curso nas expresións orais, nas titorías, linguas, matemáticas, proxectos, horas de ler, nos contextos educativos de aprendizaxe, nas distintas celebracións (Samaín, 25 N, día da Paz, entroido, día Internacional da muller, Letras Galegas...).

1.5.- Alumnado e profesorado participante.

Este proxecto puido levarse a cabo grazas a implicación de todo o profesorado (15 mestres/as) e todo o alumnado (133 entre Infantil e Primaria). Os titores/as mediante o desenvolvemento de proxectos nas súas aulas, colaboración en todas as actividades, preparación das exposicións finais e vídeos explicativos, os mestres/as especialistas introducindo o monte (instrumentos naturais, xogos e deporte no monte, vocabulario en inglés) nas súas áreas. O alumnado estivo moi involucrado e motivado durante o desenvolvemento do PDI durante todo o curso . Sair ao monte case que se foi convertendo nunha necesidade e balón de osíxeno para a comunidade educativa.

1.6.- Organización para a súa realización.

O equipo de Biblioteca propuxo o tema no último claustro do curso pasado. Unha vez aprobado foi o equipo quen coordinou, temporalizou e organizou (en colaboración cos outros equipos) as diferentes tarefas levadas a cabo durante o presente curso escolar, xa planificadas en setembro no Plan Anual Lector e na PXA.

A principio de curso elaborouse [un dossier para o profesorado](#) cunha gran chuvia de ideas para realizar no monte. A organización das celebracións principais ían acompañadas dun pequeno documento organizativo para o profesorado.


O equipo de EDNL aportou a súa colaboración na elaboración do almanaque coa temática da biblioteca. O Equipo de Dinamización das TICs colaborou na divulgación fundamentalmente a través do facebook do colexio de todas as actividades levadas a cabo. O Equipo de Actividades Extraescolares colaborou na coordinación coa Asociación Arenaria nas visitas para colaborar co desenvolvemento dos proxectos, aproximación ao método científico, experimentos.... Tamén na organización das celebracións relacionadas como Samaín, 25N, Paz, Entroido., 8M, Letras Galegas...

As familias tamén colaboraron coa limpeza do monte (a maioría del pertencente a familias da escola), axuda na celebración do Samaín e asistindo as visitas das diferentes instalacións preparadas no monte (para a celebración do 25N, Día da Paz e resultado final do PDI).

2.- Obxecto ou temática de investigación propostos.

O PDI "Botarse ao monte" proponse dende o Equipo de biblioteca para que nas aulas se levaran a cabo proxectos de investigación sobre o monte que partan do alumnado... A maiores dos proxectos das diferentes aulas o centro propón como obxectivo do curso unha mellora na práctica docente introducindo metodoloxías de aprendizaxe no exterior da aula. Esta práctica foi compartida e enriquecida durante todo o curso.

O produto final de exposición dos proxectos ás familias así como os vídeos explicativos deseñados polo alumnado, enriqueceron o proceso e fixeron que a estes proxectos de investigación se lle uniran a maiores tarefas de corte competencial sempre realizadas polo alumnado.



3.- Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

O tema foi escollido en xuño de 2020 polo Claustro previa proposta de biblioteca.

O primeiro día de outubro, coincidindo co día de apertura da biblioteca, a través da radio amplificada para toda a escola, o alumnado colaborador deu aviso do tema do PDI. Nas clases apareceron as cartas da mascota Coviña que presentaban a temática para o alumnado e as familias. Habilitouse igualmente un [andel na biblioteca con bibliografía](#) de diferentes tipoloxías textuais relacionadas co monte.

Unha vez xerada a curiosidade cara o tema, en cada nivel fixéronse achegamentos ao mundo do bosque: exposicións orais, observacións, investigacións, proxectos, tarefas diferentes de expresión escrita e lectura, matemáticas, artísticas... no monte e relacionadas co monte.. No [Samaín](#) tivemos que modificar a celebración con respecto a outros cursos debido a situación COVID. Cada clase escolleu unha árbore terrorífica e gravou un conto inventado sobre esa árbore na radio. As cabazas decoradas quedaron no monte e as familias acudiron en coche pola noite a velas acesas. No [25 N](#) realizamos unha instalación colectiva no bosque, pintando pedras con palabras do que rexeitamos e colgando bolboretas de papiroflexia nas que ían escritos os nomes das mulleres que morreron por causa da violencia machista. No Nadal realizouse un **calendario** que tamén xirou en torno ao teatro facendo foto-montaxes sobre o tema do proxecto escollido por cada curso para a investigación.

[No 2º trimestre realizáronse os proxectos de investigación](#) específicos en cada titoría. Neste trimestre, a franxa horaria destinada a **contextos educativos de aprendizaxe** (60 minutos diarios) centrouse no desenvolvemento destes proxectos escollidos do PDI:

Quen vive aí? (Internivel A)	Eu tírome ao monte (Internivel B))	Arte no bosque (5 anos)
Exploradoras e exploradores de 1º. Aves .(1º)	Animais baixo a terra. As formigas. (2º)	Superheroínas&Superheroes do monte (3º)
Reciclamos (4º)	A rosa dos ventos (5º)	CSID. Construindo no monte (6º)

O [Día da Paz](#) compartimos unha instalación por grupo. Cada aula plasmou na "súa" árbore do bosque [un vídeo \(a través de código qr\)](#) realizado en Tele Coviña que deixara unha mensaxe de paz e decorou a súa árbore en función da idea traballada. As familias visitaron as instalacións durante esa fin de semana.

O disfrace de **entroido** de cada clase tivo relación co proxecto escollido para o PDI . Moitos deles volvéronse utilizar na gravación da exposición final. Os disfraces foron elaborados na escola, aproveitando a ocasión para medir, deseñar, crear... O venres de entroido saímos en grupos burbulla ao bosque cos nosos disfraces e por quendas fomos cantando o noso tradicional "Rebola".

O [Día Internacional da Muller \(8M\)](#) cada grupo contou coa visita dunha muller próxima especial. Recibimos nun lugar asignado do bosque a cada unha destas mulleres inspiradoras, realizánolle unha entrevista, coñecendo a súa profesión e/ou situación vital como muller. No caso do grupo de 6º de Primaria, a muller especial foi [Lola Tourón](#), cesteira que aproveitou para facernos o taller "Escultura técnica caos" no monte con este grupo (grazas a fomar parte do programa biblioteca creativa).



No 3º trimestre, preparamos o guiión e gravación da exposición final de cada proxecto. A maiores, cada curso escolleu [tarefas publicitarias a realizar](#) para promocionar a visita das familias ás instalacións do resultado final de "Botarse ao monte". Propostas como anuncios publicitarios de radio, de vídeo, carteis, invitacións ás familias, carteis mostrando diferentes normas (distancia, recordar botar xel desinfectante..), o gran cartel de entrada á exposición, etc. Todo quedou repartido entre todas as aulas da escola, non significando unha carga excesiva para ninguén e conseguindo enriquecer o proceso con tarefas de corte competencial e cun alto nivel de motivación.

Este trimestre tamén foi o da **elaboración** da parte máis plástica: **instalacións, libros dos proxectos, murais, carteis explicativos, construcións, letras xigantes, debuxos...** Necesarios para as instalacións no monte referentes aos diferentes proxectos de investigación.

Durante o 2º e 3º trimestre tivemos a sorte de recibir aos científicos [David e María, da Coordinadora Arenaria](#), para que nos guiaran no proceso de elaboración e investigación dos proxectos, así como nos aproximaran ao método científico e realizaran co alumnado experimentos relacionados . Poidemos contar con estas visitas grazas a formar parte do programa Club de Ciencia, e organizámolas de xeito que cada grupo podía contar con esta visita cada 15 días durante unha sesión de 50 minutos. Roteiros guiados, axuda na busca de información, dúbidas dos proxectos, experimentos... a visita dos científicos era moi esperada e desexada sempre polo alumnado da escola e esta proposta de **"colaboración de expertos"** durante todo o PDI foi moi productiva, motivadora e enriquecedora.

O [Día do Libro](#) quixemos participar na iniciativa creativa da Asesoría de Bibliotecas Escolares pero non foi posible por mor do mal tempo (dado que as instalacións para mostrar ás familias as distintas iniciativas facíanse no monte). Cada clase elaborou un "libro do artista", reutilizando libros de expurgo, deseñando e realizando un libro artístico. Finalmente adicamos unha árbore para o Día do Libro na exposición final do PDI, na que estaban colocados os diferentes libros de artista realizados na escola. O [entroido](#) e os [Maíos](#) tamén se organizaron no monte. O último día da Semana das [Letras Galegas](#) resultou ser un día de lectura e festa no monte, resultando unha xornada divertida e memorable para tod@s.

O 8 de xuño adaptouse o horario para que as titorías puideran dispoñer de profesorado de apoio durante toda a mañá para deixar colocadas as instalacións de cada proxecto no lugar asignado do monte. Os libros xigantes co proxecto, os carteis explicativos, as construcións de cada grupo, foron acompañadas do código Qr co vídeo explicativo de cada proxecto, realizando as presentacións de cada un dos vídeos o alumnado de 6º (de modo virtual).



Do 9 ao 13 de xuño foi a visita do alumnado e das familias ao [resultado final do PDI "Botarse ao monte"](#). Uns días antes entregáronse invitacións, pegáronse carteis e publicáronse anuncios de radio e vídeo. Foron moitas as persoas que se achegaron ao monte A Toxa a coñecer os diferentes proxectos e instalacións de presentación dos mesmos. Os vídeos dos diferentes proxectos mostran todo o traballo e aprendizaxe durante o proceso dos mesmos. O alumnado sentiuse moi satisfeito pola recompensa que recibiran despois de tanto esforzo invertido.

Pulsando enriba de cada proxecto pódese acceder ao vídeo final do mesmo:

<u>Exploradoras e exploradores de 1º. Aves .(1º)</u>	<u>Animais baixo a terra. As formigas. (2º)</u>	<u>Superheroínas&Superheroes do monte (3º)</u>
<u>Reciclamos (4º)</u>	<u>A rosa dos ventos (5º)</u>	<u>CSID. Construindo no monte (6º)</u>
<u>Quen vive aí? (Internivel A)</u>	<u>Eu tírome ao monte (Internivel B)</u>	<u>Arte no bosque (5 anos)</u>



4.- Documentación elaborada para o alumnado e profesorado.

Durante o curso o equipo de biblioteca foi aportando diferentes documentos para facilitar a posta en marcha e organización do proxecto tanto ao profesorado como ao alumnado.

Para o profesorado:

- [Plan anual de Lectura](#) indicando as diferentes fases e temporalización do proxecto, así como tarefas concretas a realizar ao longo do curso en relación co proxecto.
- [Dossier de ideas iniciais de actividades a realizar no monte.](#)
- [Cartas da mascota Coviña](#) informando ás familias e ao alumnado da temática do PDI.
- [Dossier de organización das tarefas a realizar para a publicidade e posta en marcha do produto final de "Botarse ao monte"](#).

Para o alumnado:

- [Cartas de Coviña e andel con bibliografía sobre o monte.](#)
- Notas e carteis anunciando as diferentes actividades.

5.- Tarefas máis importantes realizadas polo alumnado.

Podemos dicir que nos sentimos orgullosos de que os auténticos protagonistas no proceso deste PDI foran os nosos alumnos e alumnas. Realizaron:

- [Proxectos de investigación específicos.](#) Estes proxectos implicaron busca e selección de recursos e información, organización do traballo, elaboración de textos e extracción da información máis importante, traballo cooperativo, autoavaliación, etc.
- Construción de casiñas de paxaros, hotel de insectos, zona de asamblea con vimbias, cartel de puntos cardinais e orientación de Norte xeográfico, etc.
- Creación de libros xigantes de cada proxecto.
- Elaboración do guión e preparación das exposicións orais, así como gravación do vídeo de cada grupo axustándose ao tempo.
- Invención e gravación das presentacións dos diferentes vídeos por parte do alumnado de 6º.
- Deseño e realización de [carteis publicitarios](#) coidando a imaxe corporativa (1º e 4º).
- Elaboración de [vídeos mostrando instrumentos da natureza](#) na área de música.
- Elaboración de [cuñas publicitarias de radio](#) para reproducir pola megafonía do colexio nas entradas e saídas e en facebook. Redacción dun texto breve, busca da música e gravación das voces (2º). [Enlace a anuncio 1.](#) [Anuncio 2.](#) [Anuncio 3.](#) [Anuncio 4.](#)
- Deseño e elaboración de [invitacións ás familias](#) (3º).
- Elaboración do cartel xigante co título do PDI (Infantil).
- Guión, deseño e elaboración de [vídeos promocionais da visita das familias ao monte](#) (5º). [Enlace a anuncio 1.](#) [Anuncio 2.](#) [Anuncio 3.](#) [Anuncio 4.](#) [Anuncio 5.](#)
- [Carteis da exposición: Mantemos as distancias, botamos xel, podemos sacar fotos...](#) (Infantil)

- [Boletíns nº0](#) e [nº1](#) elaborados pola clase de 5º no que se afondaba no PDI.
- Participación no deseño e elaboración dos disfraces, calendario, decorados...
- Deseño e elaboración das diferentes instalacións para as celebracións sinaladas.
- Deseño e [gravación dos vídeos da Paz](#) (todos os niveis).

6.- Recursos e fontes utilizadas.

Na entrada da biblioteca estiveron expostos durante todo o curso libros de consulta e lecer sobre a vida no bosque, tamén para o profesorado. Houbo unha inversión importante do presuposto de biblioteca para este fin. Utilizáronse indistintamente os libros, ordenadores e tablets para a busca de información.

7.- Implicación da comunidade educativa.

O PDI puido levarse a cabo fundamentalmente polo apoio de todo o Claustro ás diferentes propostas do equipo de Biblioteca. A implicación do profesorado, por tanto, foi do 100%. O alumnado implicouse totalmente no desenvolvemento de todas as tarefas. O grao de motivación e implicación foi moi alto. As familias participaron na organización e loxística da celebración do Samaín, colaboraron na limpeza do monte en varias ocasións (sobre todo no inicio e no final de curso) e na visita as instalacións realizadas para as celebracións, así como na visita ao produto final, enviando multitude de fotos ao correo do colexio para plasmar esa visita.


8.- Difusión entre a comunidade educativa.

As tarefas de publicidade realizadas polo alumnado para promocionar a visita ás instalacións que mostraban o produto final difundiron en Meaño que do 9 ao 13 de xuño había unha gran exposición sobre o PDI Botarse ao monte. Outro medio de difusión principal foi o [facebook do colexio CEIP As Covas Meaño](#). Houbo numerosos tokapps enviados ás familias para que asistiran a ver o monte nas diferentes celebracións. Tamén se foron publicando novidades, a medida que foi posible por parte do equipo de biblio, [na bitácora da biblioteca](#). Puntualmente cada mestra/e foi publicando as novidades na súa bitácora de aula (actualizada diariamente).

9.- Avaliación. Procedementos empregados.

Como procedementos de avaliación empregáronse fundamentalmente as reunións periódicas do profesorado (semanais, mensuais e trimestrais), reflexionando sobre o grao de adquisición dos obxectivos marcados (tanto a nivel organizativo, como pedagóxico, como social). Houbo unha revisión constante do proxecto, sendo modificado nalgún caso o calendario inicial así como engadindo e adaptando ás tarefas a desenvolver. O alumnado de educación Primaria avalioue a si mesmo a través de diferentes rúbricas elaboradas polo profesorado en función do proxecto levado á cabo. Tamén houbo unha autoavaliación constante á través das asembleas e reflexións individuais.

[A avaliación do proxecto por parte do alumnado queda bastante reflexada neste vídeo \(pulsar no subliñado\) coas súas intervencións.](#)



10.- Función e participación da biblioteca escolar.

A Biblioteca Escolar foi o motor do PDI Botarse ao monte realizando tarefas como:

- Coordinar e organizar o desenvolvemento do proxecto. Realizou reunións periódicas co equipo de biblioteca, o ENDL, o equipo de TICs e o equipo de actividades extraescolares.
- Buscar, seleccionar, mercar e expoñer bibliografía de consulta referente ao bosque.
- Organizar os diferentes días de celebración en coordinación cos demais equipos: 25 N, Calendario, Día da Paz, Entroido, 8M, Día do Libro, Letras Galegas, visitas de expertos, exposición final...
- Elaborar e promover diferentes tarefas relacionadas co proxecto: cartas de Coviña, tarefas de publicidade, propostas de actividades e metodolóxicas relacionadas co PDI, etc.
- Organización, proposta e reparto de tarefas para o produto final de "Botarse ao monte"
- A biblioteca como lugar imprescindible para que o alumnado poida investigar e desenvolver os seus proxectos de investigación.

En Meaño, a 9 de xullo de 2021

Paulo Nogueira Porto
Director do CEIP Plurilingüe de Meaño As Covas